



Cómo leer la Biblia y seguir siendo cristiano. Luchando con la violencia divina desde el Génesis al Apocalipsis

John Dominic Crossan (trad. Federico Pastor Ramos),
PPC, Madrid, 2016, 296 pp.

Incomódate a lectura dalgunchas pasaxes bíblicas, particularmente cando vai seguida pola expresión litúrxica «Palabra de Deus»? Sénteste incapaz de rezar, sen acrobacias nin reservas mentais, algúns versículos de moitos salmos? E, en xeral, percibes unha molesta contradición (quizais insuperable) entre diferentes páxinas do texto sagrado, sexan do Antigo ou do Novo Testamento, e incluso entre algunhas palabras atribuídas ao mesmo Xesús? Se a túa resposta a estas cuestións foi afirmativa (como é o meu caso), aquí tes un libro que ofrece pistas para esclarecer ese malestar, asumilo, e –oxalá– para superalo.

O provocador título propón de xeito rotundo a intención do volume. Como ten que afrontar a lectura do Libro quen aspira ao seguimento do Xesús das benaventuranzas e do sermón do monte? E o subtítulo sina-

la xa a maior dificultade: como conxugar o Deus compasivo do que nos fala Xesús –pero non só el– co Deus violento que desde as primeiras páxinas ás finais percorre toda a Biblia?

O autor rexeita o estereotipo antixudeo que contrapón sumariamente ao Deus do perdón e da piedade do Novo Testamento o Deus de vinganza e castigo do Antigo, pois a amentada dualidade de «violencia-non violencia» atravesa a Biblia enteira. En efecto, como harmonizar o Xesús que entra en Xerusalén montado nun asno co Cristo victorioso, co guerreiro triunfante da Apocalipse? Non esquezamos que a voda cósmica –ese final feliz– tan belamente descrita no texto xoánico ven precedida por unha violencia derradeira, por unha inmensa matanza no «gran lagar do furor de Deus», rebordante de «imaxes do horror humano e do terror divino». E, aínda nos evanxeos, non son

poucas as pasaxes que poñen na boca de Xesús violentas e ameazantes expresións de condena e rexeitamento («choro e rinchar de dentes») que contrastan vivamente con outras palabras súas. Que sucedeu, pregúntase o autor: cambiou Xesús a súa maneira de pensar ou cambiaron os evanxeos a de Xesús?

Para responder a tan desacougantes preguntas, Crossan¹ propón que leamos a Biblia cristiá —esa «pequena biblioteca disfrazada de libro, pero contada como unha historia» (p.

1 John Dominic Crossan, cofundador do *Jesus Seminar*, e mundialmente recoñecido como un dos maiores especialistas no Xesús histórico. Da súa copiosa obra, cedo traducida ao castelán, valla citar *Jesús: vida de un campesino judío* (Barcelona, Crítica, 1994), *Jesús: biografía revolucionaria* (Barcelona, Crítica, 1996), *El Jesús de la historia. Vida de un campesino mediterráneo judío* (Crítica, 2000), *El nacimiento del cristianismo* (Santander, Sal Terrae, 2002), *Cuando oréis, decid: «Padre nuestro...»* (Santander, Sal Terrae, 2011), *El poder de la parábola*, Madrid PPC, 2014. En colaboración con Marcus J. Borg: *La última semana de Jesús* (2007), *El primer Pablo* (Verbo Divino, Estella, Navarra, 2009), *La primera Navidad* (Verbo Divino, 2009). E en colaboración con Jonathan L. Red, *Jesús desenterrado* (Crítica, 2001). Concluída a lectura do libro obxecto desta reseña, advirto que a súa idea central xa estaba xerminalmente exposta en «El libro más extraño», epílogo de *Cuando oréis, decid: «Padre nuestro...»*.

50)— como un todo unificado, como unha unidade completa, coma se non existise a división entre Antigo e Novo Testamento. E identifica —mediante un rastrexo das diferentes tradicións bíblicas (yahvista, elohista, deuteronomica, sacerdotal, profética, sálmica, sapiencial, apocalíptica), dos diferentes evanxeos (Q, sinópticos, Xoán), das cartas paulinas e da apocalipse xoánica— a persistencia dun *modus operandi* que unifica toda esa longa historia.

A Biblia cristiá enteira —o «expreso bíblico», en metáfora do autor— discorre no seu longo traxecto a través de dúas vías paralelas: a violencia divina e a non violencia divina. O Deus bíblico é por unha banda un Deus de xustiza distributiva non violenta e, por outra, de xustiza vindicativa violenta. Como reconciliar ambas as dúas visións? É inevitable a imaxe dun Deus bipolar?

Unha mirada menos superficial —á que nos invita o autor— descobre que estas características bipolares son máis sucesivas ca simultáneas, máis alternativas do que paralelas. Así, toda a historia bíblica está rexida

por un ritmo de «si e non», de «afirmación e anulación», de «aceptación e rexeitamento». Primeiro hai unha afirmación da radicalidade da xustiza distributiva divina; despois, nun segundo momento, tal afirmación é subvertida pola normalidade da xustiza violenta da civilización. Este ritmo é o que, coa súa segunda gran metáfora, o autor nomea «o latexo cardíaco bíblico». Pero, con que nos quedamos? Como sabemos cal dos dous é o noso verdadeiro Deus? A resposta é tallante: «A norma e o criterio da Biblia cristiá é o Cristo bíblico, pero a norma e o criterio do Cristo bíblico é o Xesús histórico» (49). Non se trata, non obstante, do vello desafío do Xesús da historia ao Cristo da fe, senón de considerar tanto o Xesús da historia coma o Cristo da fe como non violentos. É preciso que nos poñamos as lentes de Xesús para vermos o Cristo bíblico, resume de xeito expresivo o autor.

O exame atento do conxunto da historia bíblica lévao a asegurar que o significado primario é sempre o da beizón, a benevolencia, a misericordia, a non violencia, a xustiza distributiva divinas; a maldición, a ameaza,

o castigo, a xustiza vindicativa, etc., son sempre significados secundarios, engadidos. Todo ocorre –explícasenos– coma se a radicalidade do proxecto divino, unha paz baseada nunha xustiza non violenta, fose sistematicamente substituída pola normalidade dunha paz obtida mediante unha vitoria violenta. «A divindade propón, pero a humanidade dispón, desde a Torá e a profecía a Xesús e Paulo», resume Crossan. As verdadeiras propostas de Xesús –e tras el as de Paulo sobre a escravitude e o patriarcado– desradicalízanse e incultúranse nos «normais» usos e costumes vixentes. Por iso precísase «ler a Cristo contra o pseudo-Cristo e a Paulo contra o pseudo-Paulo» (251).

Imposible dar conta, neste breve apuntamento, das innumerables suxestións, feitas coma ao paso: sobre a creación, a revelación, o pecado, a «elección» de Israel como experimento, a utopía –ou mellor, a eutopía– da Boa Noticia do Reino, a condición do cristián, a opción pola non violencia, a relación entre amor e xustiza...

A estratexia discursiva do autor consiste en propoñer de

entrada unha tese (nos dous primeiros capítulos que forman a primeira parte do libro) e en verificala, desenvólvela e matízala ao longo das partes II (A civilización), III (A alianza) y IV (A comunidade), para chegar á síntese do epílogo. Neste repásanse e explicítanse as claves interpretativas que se empregaron —o concepto de matriz (a situación na que naceu o texto), as diferentes metáforas (o expreso bíblico, o latexo cardíaco bíblico e o foco icónico bíblico)— para dar paso ao significado que todo isto pode ter aquí e agora («Voar por enriba da sombra da nosa noite»). A progresión da secuencia de contidos está graduada con gran tino didáctico, ata o extremo de que cada capítulo conclúe cunha dobre mirada, retrospectiva e anticipadora: «Onde estamos agora e que ven a continuación?».

O libro está extraordinariamente ben escrito e converte o que podería ser unha árida lección, nunha apaixonante

viaxe de procura. O autor é un hábil mestre que sabe deleitar ao tempo que ensina. Arranca botando man do autobiográfico, explicando a sede vital da que naceron estas páxinas: non foi o ámbito académico, senón as cuestións xurdidas nas numerosas charlas que deu en igrexas. Percíbese o calor do apaixonado pola causa de Xesús, que quere esclarecer o significado da súa fe para o presente e o futuro da humanidade. Velaquí unha obra de alta —excelente— divulgación, que en aras da claridade expositiva non elude as rápidas visións sintéticas nin as afirmacións tallantes. Quen a lea apreciará a súa naturalidade expresiva, raiana ás veces cunha certa ousadía, sen que falten ocasionais toques de fino humor. En fin, todo o sinalado converte este libro nunha estupenda invitación a reler e repensar a Biblia a unha nova luz, e nun instrumento ideal para o traballo e o estudo en grupo.

Ramón Cao Martínez